



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE COMO LEI
FUNDAMENTAL DO CONTRATO REXERÁ O PROCEDEMENTO ABERTO OFERTA
ECONOMICAMENTE MAIS VENTAXOSA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
MEDIANTE TRAMITACIÓN URGENTE DAS OBRAS DE DOTACIÓN DO ACABADO DE
HERBA SINTÉTICA AO TERREO DE XOGO DO CAMPO DE CHAN DO VILAR -
FIGUEIRIDO**

OBRA.-

I.-ELEMENTOS DO CONTRATO.

1.- Obxecto do contrato.

Este contrato ten por obxecto a execución do proxecto de "Dotación do acabado de herba sintética ao terreo de xogo do campo de Chan do Vilar-Figueirido" redactado por D. Juan Martínez-Almedia García-Jiménez, aparelador municipal.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto forma parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

2.- Orzamento do contrato e tipo de licitación.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que ascende ao orzamento de execución por contrata na cuantía de orzamento de contrata de 265.132,00 € (douscentos sesenta e cinco mil cento trinta e dous euros) máis 42.421,12 € (corenta e dous mil catrocentos con vinteun con doce euros) en concepto de IVE engadido resultando un total de 307.553,12 € (trescentos sete mil quinientos cincuenta e tres con doce euros)

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro destas o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

3.- Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen perxuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta có perfil de contratante ao que se tendrá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.vilaboa.org.

4.- Financiamento

O presente contrato financiarase con cargo á partida 452.62200.

5. Revisión de prezos.

Atendendo á natureza da obra, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.



6.- Capacidade para contratar.

Poderán concorrer por si, ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, con plena capacidade para obrar e que non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

7.- Clasificación do contratista.

Non é preciso a clasificación do contratista.

II.- ADXUDICACIÓN.

8.- Procedemento e forma de adxudicación.

A forma de adxudicación do contrato de obras de "Dotación do acabado de herba sintética ao terreo de xogo do campo de Chan do Vilar-Figueirido" será o procedemento aberto mediante tramitación urxente, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 141 e 96 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 134.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e coa cláusula décima deste Prego.

9. Prazo de Execución.

O prazo de execución das obras determínase nun **MES**, contado a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

10.- Proposicións: lugar e prazo de presentación.

As ofertas presentaranse no Concello de Vilaboa, en horario de atención ao público, dentro do prazo de TRECE DÍAS naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as proposicións envíense por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta



mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo novena da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición [sen prexuízo do establecido nos artigos 131 e 132 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público]. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

- Sobre "A": Oferta Económica
- Sobre "B": Documentación.
- Sobre "C": Referencias Técnicas.

11.- Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar ofertas as personas naturais o xurídicas, españolas o extranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A capacidade de obrar do empresario acreditarase:

a. Dos empresarios que foran persoas xurídicas mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b. Dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos



términos que se establezcan reglamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. Dos demás empresarios extranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondiente ou da Oficina Consular en cuio ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da non concurrencia dalgunha das prohibicións para contratar reguladas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público poderá realizarse:

a. Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

12.- A solvencia do empresario.

12.1 A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financieras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas nos Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do antedito volume de negocios.

12.2. No contrato de obras, a solvencia técnica do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rixe a



profesión e se levaron normalmente a bo fin; no seu caso, os devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que ésta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable o responsables das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión medioambientais que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se dispoñerá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

12.3-. A proba da clasificación e da aptitude para contratar deará cumprir os requisitos descritos nos artigos 72, 73 e 130.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

13.- Proposicións: documentación.

13.1.- Sobre A: Subtitulado “Oferta económica”.

Conterá a proposición económica formulada estrictamente conforme ao modelo que figura como Anexo I deste prego.

13.2.- Sobre B: Subtitulado “Documentación”.

Conterá a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da capacidade das empresas.

A.1) **Empresario individual:** Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A.2) **Persoas xurídicas:** Escritura de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial

A.3) Fotocopia da **Tarxeta de Código de Identificación fiscal (CIF)**, debidamente compulsada.



CONCELLO DE VILABOA (Pontevedra)

C/Touro 1 - C.P. 36111 - Tlf nos: 986.70.82.15 - 70.82.52 - Fax: 986.70.83.87

B) Poderes: Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade no nome da cal concorre ante a administración contratante.

C) Verificación de poderes: Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula, deberán verificarse previamente polo secretario da corporación ou funcionario habilitado.



D) Declaración expresa de que a empresa interesada non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 49 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

E) Alta referida ao exercicio corrente ou último recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se ofrece, completado coa declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do devandito imposto.

F) Declaración de hallarse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias coas Administracións do Estado, Autonómica e Local e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuio favor se vaia a efectuar ésta.

G) O documento que acredite, ante o órgano de contratación, ter constituído na caixa da corporación, a garantía provisional equivalente ao 3% do orzamento do contrato e do que a contía é a indicada no epígrafe 8 do cadro de características do contrato

H) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica, de acordo co disposto nos artigos 64 e 65 da Lei de contratos do sector público e no presente prego.

I) As empresas extranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunales españois de calquer orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poideran surxir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional extranxeiro que podiera corresponder ao candidato.

13.3.- Sobre C: subtítulo “Referencias técnicas”.

- A. Melloras no proxecto técnico, que poderán consistir na mellora das condicións funcionais, que resulten de utilidade para os usuarios dos servizos e na calidade dos materiais descritos no proxecto, ou noutras modificacións que representen un aumento da calidade final do proxecto executado.
- B. Proposta de redución de prazos de execución.
- C. Implantación e certificación, por parte da empresa participante dun sistema de xestión ambiental segundo a norma UNE-ISO 14001 ou o Regulamento 761/2001 EMAS.

14.- Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario ou funcionario en que delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

15.- Garantía provisional.

Coa documentación a que se refire a cláusula décimoterceira acompañarase no interior do sobre “B”, o documento que acredite, ante o órgano de contratación, ter constituído na caixa da corporación, a garantía provisional equivalente ao 3% do orzamento do contrato e do que a contía é a indicada no epígrafe 8 do cadro de características do contrato.



O documento orixinal deberá ser depositado, con carácter previo, na Tesourería Municipal.

A devandita garantía deberá constituirse ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avales ou de certificados de seguro de caución.

A non constitución de garantía provisional dentro do prazo, se esta fose esixible, ou por un importe inferior ó establecido, será causa de exclusión automática da licitación.

16.- Apertura de plicas e adxudicación provisional.

A adxudicación provisional concretará e fixará os términos definitivos do contrato.

17.- Calificación dos documentos:

A mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, constituíndose formalmente para este acto e procedendo a abrir os sobres, con exclusión do que contén a proposición económica e as referencias técnicas. Se a mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarao verbalmente aos interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias reseñadas faranse públicas a través do Taboleiro de anuncios, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles desde o seguinte a súa publicación, para que os licitadores os corrixan ou subsanen.

18.- Acto de apertura:

O terceiro día hábil (exluídos os sábados), contado a partir do seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións, celebrarase acto público de apertura dos sobres da oferta económica e das referencias técnicas constituíndose a estes efectos a mesa.

Recibidos os informes correspondentes, e reunida de novo a Mesa de Contratación, realizará proposta de adxudicación provisional ao órgano de contratación.

Os criterios que servirán de base para a adxudicación do contrato son as melloras no proxecto técnico, o prazo de execución, a oferta económica e a implantación e certificación, por parte da empresa participante, dun sistema de xestión ambiental segundo a norma UNE-ISO 14001 ou o Regulamento 761/2001 EMAS.

19.- Mesa de Contratación:

A Mesa de Contratación estará integrada de modo seguinte:

Presidente: O da Corporación, ou membro en quen delegue

Vocais:

-Un representante de cada un dos grupos da Corporación municipal.

-A Interventora de Fondos do Concello.

-O Secretario do Concello.

-Un técnico a designar pola Alcaldía.

Secretario: Un funcionario adscrito ao Departamento de Secretaría.



A súa composición publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a calificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

20.- Baixa temeraria.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

O carácter desproporcionado ou temerario das baixas apreciarase de conformidade co disposto no artigo 136 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e de acordo cos criterios obxectivos que se establecen nos artigos 85 e 86 do Regulamento xeral da lei de contratos.

21.- Criterios para a adxudicación do contrato

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación que se puntuarán en orde decrecente:

A) Proposta económica

B) Melloras no proxecto técnico, que poderán consistir na mellora das condicións funcionais, que resulten de utilidade para os usuarios dos servizos e na calidade dos materiais descritos no proxecto, ou noutras modificacións que representen un aumento da calidade final do proxecto execución.

C) Proposta de redución de prazos de execución.

D) Implantación e certificación, por parte da empresa participante dun sistema de xestión ambiental segundo a norma UNE-ISO 14001 ou o Regulamento 761/2001 EMAS.

Puntuación mínima total: 10 puntos.

A ponderación realizarase atendendo ás seguintes regras, e de acordo ó informe técnico que se elevará á mesa de contratación para formular a proposta de adxudicación correspondente:

A) Con respecto á mellor cantía de baixa económica ofertada, aplicarase un valor de 10 puntos respectivamente á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres simple.



B) Con respecto ás melloras no proxecto técnico, aplicarase un valor de 5 puntos respectivamente á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres simple.

C) En canto á redución dos prazos de execución aplicarase un valor de 4 puntos á mellor das ofertas presentadas, obténdose os demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres simple.

D) Con respecto á implantación e certificación, por parte da empresa participante dun sistema de xestión ambiental segundo a norma UNE-ISO 14001 ou o Regulamento 761/2001 EMAS, aplicarase un valor de 2 puntos, atribuíndose ás restantes ofertas a puntuación que proceda proporcionalmente, polo procedemento de regra de tres simple.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que oferte unha maior redución unha maior baixa económica.

22.- Renuncia á celebración do contrato e desestimento do procedemento de adxudicación pola Administración.

No caso de que o órgano de contratación renuncie á celebración dun contrato, ou decida reiniciar ao procedemento para a súa adxudicación, notificarao aos candidatos ou licitadores.

A renuncia á celebración do contrato ou o desistimento do procedemento só podrán acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación provisional. En ambos casos se compensará aos candidatos ou licitadores polos gastos en que incurrirán, na forma prevista no anuncio ou no prego, ou de acordo cos principios xerais que rixen a responsabilidade da Administración.

Só poderá renunciarse á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non poderase promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

O desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concurrencia da causa. O desistimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

23.- Adxudicación Provisional.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e publicarse no perfil de contratante do órgano de contratación, sendo de aplicación o previsto no artigo 137 en canto á información que debe facilitarse a aqueles aínda que o prazo para a súa remisión será de tres días hábiles. A adxudicación provisional concretarase e fixará os termos definitivos do contrato.

24.- Adxudicación Definitiva.



A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique aquela no perfil de contratante do órgano de contratación.

Se o órgano de contratación adxudica a persona diferente ao proposto pola Mesa deberá de motivar a súa elección.

Os que resultasen adxudicatarios provisionais de contratos que celebren as Administracións Públicas deberán constituir a disposición do órgano de contratación unha garantía dun 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Dentro do prazo de cinco días hábiles, o licitador deberá aportar as certificacións acreditativas de hallarse ao corrente coas súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, ou da efectiva disposición dos medios que se hubiesen comprometido a dedicar o adscribir á execución do contrato, así como a constitución da garantía definitiva. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos o telemáticos.

Cando non procedera a adxudicación definitiva do contrato ao licitador que resultase adxudicatario provisional por non cumprir este as condicións necesarias para ello, antes de proceder a unha nova convocatoria, a Administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que quedaran clasificadas as súa ofertas, sempre que ello fose posible e que o novo adxudicatario presentara a súa conformidade, en cuio caso concederase a este un prazo de cinco días hábiles para cumprimentar o sinalado no parágrafo anterior.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo primeiro do presente artigo.

25.- Notificación aos licitadores.

A adxudicación definitiva do contrato, que en todo caso, deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores.

Se os interesados o solicitan, se lles facilitará información, nun prazo máximo de oito días a partir da recepción da petición en tal sentido, dos motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

26.- Formalización do contrato.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro do prazo de diez días hábiles, a contar dende o seguinte ao de recepción polo adxudicatario definitivo da notificación da adxudicación definitiva. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.



Con carácter previo á adxudicación deberá aportarse polo contratista adxudicatario o correspondente Plan de Seguridade e Saúde no traballo que deberá ser aprobado, previo informe da dirección de obra ou da coordinación en materia de seguridade e saúde, por parte do órgano de contratación de acordo co artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, o Concello poderá acordar á resolución do antedito contrato, así como á incautación da garantía definitiva.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

27- Acta de comprobación do replanteo.

Dentro do prazo de cinco días desde a formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir ao mesmo e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 212 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde a notificación da adxudicación definitiva. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o retraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixera constar na correspondente resolución motivada.

28.- Comezo das obras e aviso previo á autoridade laboral.

O director da obra directamente ou por medio do coordinador de seguridade e saúde deberá efectuarlo correspondente aviso previo á autoridade laboral antes do comezo das obras dando traslado de copia do Plan de Seguridade e Saúde (art. 18 do Decreto 1627/97), documento do que a presentación debe exhibir o facultativo ao contratista.

Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición dos terreos, a súa idoneidade e viabilidade do proxecto, a xuízo do director facultativo das obras, e sen reserva por parte do contratista, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo implícitamente na acta estendida, autorización do que quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte á da sinatura da acta.

29.- Carteis e sinais.

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, no que se faga alusión ás Administracións que financian a obra. Dito cartel deberá manterse na obra ata que se devolva a garantía definitiva.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da Circulación e a adoptar tódalas precaucións precisas dende o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.



30.- Ocupación de terreos.

O contratista non pode ocupar os terreos afectados pola obra ata recibir a orde correspondente da dirección.

31.- Desenvolvemento dos traballos.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 101 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

32.- Recepción e recusación de materiais.-

O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinala, para o corrector cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ó seu exame deberá comunicalo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

33.- Obras defectuosas ou mal executadas.-

Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houbese, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito algún, a circunstancia de que os representantes da administración examinasen ou recoñecesen, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que fosen incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

34.- Demolição e reconstrucción das obras defectuosas ou mal executadas.-

Se se advirte vicios ou defectos na construción, o se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolição e reconstrucción das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

35.- Responsabilidade por vicios ocultos.-

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido a incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos durante o termo de quince anos a contar dende a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestase ningún dano ou perda, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 219 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público

36.- Dirección e inspección das obras.

A dirección e inspección das obras corresponde ó técnico-director das mesmas, o cal dictará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas e sinalará o ritmo de



execución conveniente, mediante as anotacións correspondentes no libro de ordes. Non obstante, a presidencia da corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno ou encomendar ditas funcións ós técnicos da corporación.

37.- Lexislación laboral e Seguridade social.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

38.- Prevención de riscos laborais.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

39.- Responsabilidade. Danos.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas pola súa persoa, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.

Cando tales danos e perdas fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á administración contratante ou a terceiros como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

Cando a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades ás que está afecta, a Administración procederá ao cobro da diferenza mediante o procedemento administrativo de apremio, de acordo coas normas de recadación.

40.- Gastos de transporte e almacenaxe.

O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de transporte de materiais ata o lugar sinalado no prazo convindo e, no seu caso, os gastos de almacenaxe e depósito.

41.- Custodia e conservación.

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuízos nos bens, ata a aprobación da devolución da garantía definitiva.

42.- Control de calidade.

A dirección, cando estea previsto no prego de prescricións técnicas, ordenará que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de contrata da obra (IVE incluído)

A mesma dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análises, caso de que non exista disposición xeral ó efecto, nin estableza tales datos o prego de prescricións técnicas particulares.

43.- Prerrogativas de la Administración



O órgano de contratación, de conformidade co artigo 194 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de contratos do sector público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dubidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

44.- Dereitos e Obrigas do Adxudicatario.

Ademáis das obrigacións xerais derivadas do réximen xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista.

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinale o Director de obra. A obra certificada valorarase con arreglo aos precios do proxecto técnico e as certificacións tendrán sempre carácter provisional, quedando suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final, no supoñendo, por tanto, nen aprobación nen recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos coa maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Poderáanse verificar abonos a conta, previa petición escrita do contratista por acopios de materiais, instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, a tal efecto, determinan o artigo 215 da Lei 30/2007, de 30 de octubre, de contratos do sector público, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

B) Obrigas do contratista.

Ademáis das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.
- O contratista está obrigado a dedicar o adscribir á execución do contrato os medios personais ou materiais suficientes para ello (artigo 53.2 de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de contratos do sector público).
- Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar a su costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha de aqueles, tanto na antedita zona como no seus lindes e inmediacións.



- O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no plan de seguridade e Saúde no traballo.
- Gastos exigibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio os anuncios de adjudicación, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e na cuantía que éstas sinalen. No caso de que o exixa alguna das administracións que financian a obra, o contratista instalará a súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.
- Deberá obter, e coa antelación necesaria para que non se presenten dificultades no cumprimento do programa de traballos, tódolos permisos e licencias necesarias para a execución das obras. Os gastos de xestión derivados da obtención destes permisos, serán sempre a conta do contratista. Asimismo, aboará a súa costa tódolos cánones para a ocupación temporal de terreos para instalacións, explotación de canteiras, préstamos ou vertedeiros, e obtención de materiais.
- Así mesmo, deberá pagar tódolos impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como obter a licenza de obras o imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procedese, e o abono do tributo correspondente.

45.- Aboamento da obra executada.

45.1.- Medicións.- O técnico director realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

45.2.- Relacións valoradas.- O técnico director tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

45.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaranse polo técnico director nos dez días seguintes do período que corresponda previa a audiencia ó contratista ós efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poida reflexar importes correspondentes a distintas anualidades.

45.4.- Pagos.- O contratista tendrá dereito ao aboamento da prestación realizada nos termos establecidos nesta Lei e no contrato, con arranxo ao prezo convindo.

A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos sesenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras o dos correspondentes documentos que acrediten a realización total o parcial do contrato.

46.- Prórrogas.

Se a demora na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir o seu compromiso, se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalara a



corporación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

47.- Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurrira en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución de contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do antedito contrato ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando o contratista, por causas imputables ao devandito contrato, hubiere incumplido a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

Cuando o contratista incumprira a adscripción á execución do contrato de medios personais o materiais suficientes para ello, imponseñelle penalidades en función da gravidade do incumprimento e sempre que a súa cuantía non supere o 10% do orzamento do contrato.

As penalidades imponseñelle por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designara, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pagamento total o parcial, deban aboarse ao contratista o sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cuando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

48.- Modificación do contrato.

Una vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. Hai que ter en conta que en ningún caso poderán afectar ás condicións esenciais do contrato.

Non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poidan integrarse no proxecto inicial mediante unha corrección do antedito contrato o que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada, poidendo aplicarse, no seu caso, o réxime previsto para a contratación de prestacións complementarias se concorren as circunstancias previstas nos artigos 155.b) da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Neste sentido, poderán adxudicarse os contratos de obras por procedemento negociado, cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nen no contrato, ou no proxecto de concesión do seu contrato inicial, pero que debido a unha circunstancia imprevista pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no proxecto ou no contrato sen modificala, e cúa execución se confíe ao contratista da obra principal ou ao concesionario da obra pública de acordo cos prezos que rixan para o contrato primitivo ou que, no seu caso, se fixen contradictoriamente, sempre que as obras no poidan separarse técnica o economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes á Administración ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento, e que o importe acumulado das obras



complementarias non supere o 50% do precio primitivo do contrato. A demais obras complementarias que non reúnan os requisitos sinalados haberán de ser obxecto de contratación independente.

Non obstante, serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras, que sendo conforme co paragrafo primeiro, produzan aumento, redución ou supresión de unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, cando ésta sexa unha das comprendidas no contrato. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

As modificacións do contrato deberán formalizarse consonte ao disposto no artigo 140 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público.

49.- Cesión de contrato e subcontratación de obras.

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou personais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

Para que os adjudicatarios poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- b) Que o cedente tenga executado a lo menos un 20 por cento do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectuara a súa explotación durante, a lo menos, unha quinta parte do prazo de duración do contrato.
- c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito esixíraselle ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.
- d) Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

Non se admite a subcontratación no presente contrato.



50.- Recepción das obras e certificación final.

Á recepción das obras a su terminación, e aos efectos establecidos no artigo 205.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, concurrirá o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Si se encontran as obras en bo estado e con arranxo ás prescripcions previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, as dará por recibidas, levantándose a correspondiente acta e comenzando entón o prazo de garantía.

Cando as obras no se atopan en estado de ser recibidas se fará constar así no acta e o director das anteditas obras sinalará os defectos observados e detallará as instruccións precisas fixando un prazo para remediar os defectos. Se transcorrido o antedito prazo o contratista non o fixese, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

51.- Prazo de garantía, liquidación e devolución da garantía definitiva.

O prazo de garantía terá unha duración de un ano a contar desde a recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Si éste fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pagamento das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a dictar as oportunas instruccións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para isto durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

De conformidade co artigo 169 do Regulamento Xeral de Contratación 1098/2001, unha vez emitido o informe favorable formularase polo director no prazo dun mes a proposta de liquidación das obras realmente executadas, tomando como base para a súa valoración as condicións económicas establecidas no contrato. A proposta de liquidación notificarase ao contratista para que no prazo de dez días preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que estime oportunos. Dentro do prazo de dous meses, contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo establecido para tal fin, o órgano de contratación deberá a probar a liquidación e abonar, no seu caso, o saldo resultante da mesma.

52.- Causas de resolución.-

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se señalan neste prego e nos fixados nos artigos 206 e 220 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público; e se acordará polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.



Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, se incautará a garantía definitiva, sen prexuíxo da indemnización por danos e perdas orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

53.- Leis especiais.-

O contratista ven obrigado baixo a súa responsabilidade a cumprir o disposto pola lexislación vixente respecto a salarios mínimos, previsión e seguridade social e demais leis especiais. O contrato obxecto desta licitación enténdese realizado a risco e ventura para o contratista.

O contratista realizará os ensaios de materiais, informes ou ditames que o director facultativo das obras lle ordene, sendo a súa conta ata un 1% de importe de contrata íntegro.

54.- Foro

Os litixios derivados do contrato se dirimirán polos tribunais competentes, neste caso os Xulgados do Contencioso Administrativo con xurisdicción en Pontevedra.

55.- Supletoriedade

No non previsto neste prego de condicións estarase ao disposto pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, R.D. 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas no que non se oponga á Lei de Contratos do sector público, e con carácter supletorio, ás restantes normas do dereito administrativo, e no seu defecto, polos preceptos do dereito privado.

Vilaboa, 20 de outubro de 2009

O alcalde

José Luis Poceiro Martínez